

COMO FUNCIONA O PRÉSTAMO DE LIBRO ELECTRÓNICO GALICIALE?

1. Como podo dar-me de alta no servizo de préstamo de libro electrónico GaliciaLe?

Se xa es socio/a dunha das bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia desde antes do 14/10/2014, tan só precisas rexistrarte como novo usuario/a na plataforma de préstamo de libro electrónico GaliciaLe na páxina <http://registro.galiciale.gal/> e cubrir o formulario de inscrición (é imprescindible ter conta de correo electrónico) . Poderás facelo dende calquera ordenador sen necesidade de trasladarte á biblioteca seguindo este pasos:

1. Seleccionar a súa biblioteca de orixe.
2. Cubrir o formulario introducindo o seu número de socio, DNI, correo electrónico e outros datos persoais. O enderezo de correo electrónico non pode ser compartido con outros usuarios. A súa alta no sistema debe estar ligada a un enderezo de correo persoal.
3. Recibirá unha mensaxe de correo electrónico para confirmar a súa alta.

Se non es socio/a dunha das bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou se solicitaches o teu carné despois do 14/10/2014, deberás acudir a biblioteca para obter o carné e te rexistrarán como novo usuario da plataforma de préstamo de libro electrónico GaliciaLe.

2. Como funciona o préstamo de libro electrónico GaliciaLe?

Existe unha política común de préstamos dos dous catálogos de GaliciaLe, galego e castelán, que resumimos así:

Máximo de 2 libros en préstamo de cada catálogo.

2 reservas en cada catálogo.

21 días de préstamo.

Sen posibilidade de renovación.

Devolución anticipada só en lectura online.

Non poderá volver a tomar en préstamo o mesmo título ata que pasen 24 horas dende a devolución.

Unha vez finalizado o préstamo, o libro electrónico deixará de ser accesible desde sus dispositivos.

As personas con tarxeta de socio infantil non poderán acceder as obras destinadas a usuarios adultos.

3. Como podo descargar libros da plataforma de préstamo de libro electrónico GaliciaLe?

Para poder descargar libros de GaliciaLe é necesario ter un dispositivo compatible (tableta,

ordenador persoal, lector de libro electrónico, teléfono móbil etc.) .

Que máis necesitas?

1. Dispor dunha conta Adobe ID.
2. Instalar Adobe Digital Editions en caso de que o dispositivo sexa compatible (en caso contrario, instalar Bluefire ou consultar tutorial na web de GaliciaLe).
3. Autorizar o equipo ou dispositivo (lector de libro electrónico) a unha conta Adobe ID para poder acceder os libros. Adobe ID permíteche asociar 5 dispositivos a unha conta.

Unha vez feitos estes pasos e premas en descargar un libro en GaliciaLe xa poderás abri-lo con Adobe Digital Editions.

4. Como podo introducir os libros electrónicos descargados de GaliciaLe nos lectores que presta a biblioteca?

Para poder introducir os libros electrónicos descargados nos lectores que presta a biblioteca é necesario que conectes o teu lector de libros electrónicos co cable USB que trae ó ordenador, que abras o programa Adobe Digital Editions e selecciones o libro que desexes, despois co botón dereito do rato sobre este libro selecciones enviar a --> dispositivo e selecciones o lector da biblioteca.

Deste xeito o libro enviarase o lector e xa poderás atopalo no dispositivo.



DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

GaliciaLe

Servizos das bibliotecas

Todos os públicos

<https://bibliotecas.xunta.gal/vigo/gl/como-podo/como-funciona-o-prestamo-de-libro-electronico-galicial>